

Orzamentos Xunta de Galiza 2013



Gabinete técnico Confederado.

ORZAMENTOS XUNTA DE GALICIA 2013

Novamente, e xa van catro anos, a Xunta presenta uns orzamentos restritivos, para o ano 2013 a cantidade presupostada alcanza a cifra de 9.479 millóns de euros, un 3,8% menos que a cantidade prevista para 2012. Dese o ano 2009, que a crise se instala na nosa comunidade, a caída das contas públicas foi de 2.300 millóns de euros.

Estamos falando de previsións, e as previsión fanse sobre un escenario macroeconómico determinado, o do ano anterior foi totalmente errado: dunha previsión de crecemento do PIB do 1,%, xa rematado o ano 2012, todo parece indicar que o PIB vai descender máis dun 1,1% con respecto a 2011; e a taxa de paro vai quedar catro puntos por encima do apuntado nos orzamentos anteriores; polo que os orzamentos executados con toda probabilidade foron inferiores os previamente estimados no proxecto; Pero temos que partir desta base, así como das previsións macroeconómicas que sustenta o novo orzamento aínda que unha vez máis sexan de dubidosa credibilidade.

O escenario macroeconómico previsto é o seguinte:

Cadro macroeconómico.

	2010	2011	2012	2013
Gasto en consumo final	-0,3	-1,0	-2,3	-2,8
Consumo fogares	-0,4	-1,0	-2,0	-2,0
Consumo AAPP	0,2	-1,1	-3,1	-5,0
Formación bruta de capital	-9,2	-4,2	-5,3	-3,2
Achega demanda interna	-3,1	-1,7	-3,0	-2,9
Exportacións	5,2	4,3	-1,9	2,3
Importacións	0,8	-1,7	-2,0	-1,5
Achega sector exterior	2			
Produto Interior Bruto	0,1	0,3	-1,1	-0,9
Emprego	-3,7	-2,7	-4,0	-2,0
Taxa de paro	15,4	17,4	20,6	21,0

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2012. Xunta de Galiza.

Un ano máis se fai unha previsión macroeconómica baseando a contención da caída do PIB na achega do sector exterior, xa o fixeran nos orzamentos anteriores, e volven este ano; prevén que as exportación medren un 2,3%, (nas previsións para 2012 estimaban un crecemento das exportación do 3,5% e na práctica van descender preto dun 2%), nun contexto de crecemento da economía mundial; pero todo parece indicar que a zona euro vai rematar 2012 en números vermellos, e as previsións para o 2013 son de estancamento, ou próximo el. Son os chamados países emerxentes os que sustentan o crecemento da economía mundial, pero o noso mercado non está fora da zona euro, nin case, podíamos dicir foro do estado español, e este último, todo indica que vai rematar novamente con decrecemento próximo ó -1,5%; a quen vamos a exportar neste contexto?.

A demanda interna continúa caendo, tanto pola vía do consumo como da inversión de capital, loxicamente cando o desemprego está medrando, os salarios caendo, os pensionistas cos seus ingresos estancados, os funcionarios cunhas reducións dos salarios en torno ó 20%, os impostos indirectos medrando..., neste contexto o consumo cae, o caer o consumo os empresarios non inverten e cae o formación bruta de capital, o caer a inversión medra o desemprego, o medrar o desemprego cae o consumo, e volta a empezar.

Un espiral en descenso na que levamos anos e a cal non se lle ve saída, xa que os gobernantes do partido popular teñen unha ruta trazada, cuxo final non é saír da crise a curto prazo, senón modificar sustancialmente, a baixa, as condicións laborais da maioría da clase traballadora, privatizar servizos ata agora impartidos polo sector público como educación e sanidade, acabar co modelo de caixas de aforro...., en resumo pasar todo os sectores económicos a mans privadas e abaratar a man de obra para que logo a medio/longo prazo o beneficio empresarial teña os resultados que eles esperan

Se este non fora o fin, non se explica como ano tras ano desde que comezou a crise, se poidan presentar unha contas públicas que non axuden, en absoluto, a mudar, ou cando menos a frear, esta situación decadente, cando por outra parte, a política orzamentaria é practicamente a única que dispón este executivo para poder actuar.

Vamos desentrañar paso a paso estas contas públicas comezando polo lado dos ingresos.

Antes de comezar convén aclarar, as dificultades coas que nos atopamos a hora de comparalos cos do ano anterior, xa que hai partidas que variaron considerablemente do presuposto inicial en 2012; por un lado, os orzamentos do estado estaban prorrogados os 2011, e a xunta aplicou o mesmo procedemento nas partidas que son transferidas do estado, logo tiveron unha modificación á baixa.

Outras partidas, como os gastos de persoal, sufriron reducións unha vez aprobados os orzamentos, (a eliminación da paga extra polo Nadal, acordouse a posteriori da aprobación dos orzamentos) polo que esta partida tampouco é comparable coa do ano anterior, polo tanto temos que fixarnos máis na "filosofía" que subxace, qua nas contas *stricto sensu*.

Orzamento consolidado de ingresos. Millóns de euros.

Capítulos	2010	2011	2012	2013	Variación 13/12	
					Importe	%
I. Impostos directos	1.373,30	2.030,90	2.030,20	1.912,60	-117,60	-5,8
II. Impostos indirectos	1.896,70	2.855,50	2.958,60	2.943,77	-14,83	-0,5
III. Taxas, prezos e outros ingresos	270,6	174,4	180,1	201,07	20,97	11,6
IV. Transferencias correntes	5.298,20	2.760,50	2.615,80	2.311,89	-303,91	-11,6
V. Ingresos patrimoniais	19,6	16,3	21,8	23,16	1,36	6,2

TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	8.859,10	7.837,70	7.806,60	7.392,53	-414,07	-5,3
VI. Alleamento de investimentos reais	49,4	26,1	31,8	29,94	-1,86	-5,8
VII Transferencias de capital	729,1	657,5	636,5	561,62	-74,88	-11,8
T. INGRESOS NON FINANCEIROS	9.637,60	8.521,30	8.474,90	7.984,10	-490,80	-5,8
VIII. Activos financeiros	0,7	9,4	10,9	20,15	9,25	84,9
IX. Pasivos financeiros	2.047,70	1.339,90	1.373,80	1.475,63	101,83	7,4
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	2.048,50	1.349,30	1.384,70	1.495,78	111,08	8,0
TOTAL INGRESOS	11.686,20	9.871,40	9.858,50	9.479,88	-378,62	-3,8

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2013. Xunta de Galiza.

Os ingresos derivados das operacións correntes sofren unha forte caída, polo que o único que sostén lixeiramente a caída é o incremento do endebedamento que medra un 7,4% e acada os 1.475,63 millóns de euros. Deste novo endebedamento, 833,9 millóns destínanse a amortizar débeda anterior, polo que tan so queda dispoñible 641 millóns. Pero temos que ter en conta os intereses da débeda que este ano acada os 299,26 millóns, un 1,5% mais que no ano anterior; polo que do novo endebedamento apenas quedan 300 millóns dispoñibles.

Entre amortización da débeda e gastos financeiros consúmese o 11,9% do orzamento previsto.

A pesar de que se prevé unha caída do 5,3% nos ingresos correntes, estes acadan o 79,2% do total dos ingresos, sendo a maior cuantía o que se prevé recadar a través dos impostos indirectos.

Os impostos indirectos, aínda que na maioría descenda a recadación, prevén que o medre do recadado a través do IVE, un 3,7%, sosteña a caída do capítulo nun -0,5%. A pesar do forte medre dos tipos de gravame deste imposto (non afectaron a todo o ano 2012), parece difícil que se incremente a recadación, xa que a previsión de caída do consumo é moi importante, dun 2%.

No que atinxe os impostos directos a recadación vese minorada tanto polo descenso do imposto sobre sucesións e doazóns, como pola tarifa autonómica da rendas sobre as persoas físicas.

Pero son as transferencias correntes, as que proveñen do estado, o as que sofren o maior descenso, un 11,6%, dentro deste capítulo cabe destacar algunhas partidas polo carácter social que presentan:

- As partidas destinados a dependencia reducen o importe nun 15,6%, entre outras non se prevé incorporación de dependentes moderados ata o 2015.
- Descenden as destinadas a fomento do emprego e formación profesional para o emprego, así como as cuantías adicadas a promotores e orientadores de emprego, en xeral a redución é de 137,1 millóns de euros.

- Elimínanse as transferencias para acollida e integración de inmigrantes, o programa para a protección contra o maltrato infantil, para menores infractores e as axudas estatais para a vivenda.
- Tampouco se prevén ingresos do estado para o programa de apoio a centros de educación primaria e secundaria, o programa de redución de abandono escolar e o programa de aprendizaxe de lingas estranxeiras,

Xa vemos o que aposta o goberno central pola dependencia, o emprego e a formación, máis adiante veremos que fai a Xunta.

Neste ano mantéñense os fondos procedentes do Fondo Social Europeo.

Dentro das operacións de capital, o maior descenso correspóndese coas transferencias de capital, dentro deste capítulo están incluídas as do fondo de compensación interterritorial, que caeron fortemente, un 20,6%.

Polo lado dos ingresos, subxace a mesma filosofía que nos orzamentos do estado; xunto coa débeda o único que incrementa a recadación é a imposición indirecta, concretamente a través do IVE, imposto totalmente discriminatorio, que non ten en conta o nivel de rendas do consumidor, prexudicando máis os de baixos ingresos xa que destinan unha proporción maior, ou a totalidade, dos seus ingresos ó consumo.

Non se utiliza a autonomía existente para modificar o tramo autonómico do IRPF, imposto sobre sucesións e donacións...; polo que o sistema impositivo é cada vez máis regresivo, fomentando as desigualdades sociais.

Incremento das desigualdades que tampouco se palía polo lado dos gastos, xa que no que atinxe os gastos, tan so os derivados da débeda, sexan amortización ou intereses medraron (como comentamos anteriormente); o resto descendeu especialmente os destinados a protección social e promoción do emprego.

O gastos non financeiros acadan os 8.479 millóns de euros cifra moi semellante a do ano 2006 , en termos reais, é dicir , sen ter en conta a inflación, senón os datos serían moito peores. A distribución e evolución por capítulo de gastos apórtase no cadro seguinte.

Orzamento consolidado de gastos. Millóns de euros.

					Variación 13/12	
Capítulo	2010	2011	2012	2013	Importe	%
I. Gastos de persoal	3.772,70	3.627,30	3.606,90	3.381,56	-225,34	-6,2
II. Gastos en bens correntes e de servizos	1.378,30	1.353,10	1.384,60	1.371,38	-13,22	-1,0
III. Gastos financeiros	157,3	197,9	294,9	299,26	4,36	1,5
IV. Transferencias correntes	2.473,90	2.322,40	2.239,50	1.980,07	-259,43	-11,6
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	7.782,10	7.500,80	7.525,90	7.032,28	-493,62	-6,6
V. Fondo de continxencia	62	77,8	77,8	85,01	7,21	9,3

VI. Inversións reais	1.250,80	805,3	782	699,13	-82,87	-10,6
VII. Transferencias de capital	1.156,00	764	749,6	663,33	-86,27	-11,5
OPERACIÓN DE CAPITAL	2.406,90	1.569,30	1.521,60	1.362,46	-159,14	-10,5
T. GASTOS NON FINANCEIROS	10.251,10	9.148,00	9.135,30	8.479,76	-655,54	-7,2
VIII. Activos financeiros	118,1	306,9	175,6	166,19	-9,41	-5,4
IX. Pasivos financeiros	515,9	416,4	547,6	833,93	286,33	52,3
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	634,1	723,4	723,2	1.000,12	276,92	38,3
Total orzamento	10.885,20	9.871,40	9.858,50	9.479,88	-378,62	-3,8

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2013. Xunta de Galiza.

A modo de resumo, descenden os gastos non financeiros (un 7,2%), e medran os financeiros, un 38,3%; é dicir a pesar do descenso global do orzamento, a partida destinada a amortizar débeda medra un 52,3%; tamén medra o pago de intereses da mesma; é dicir, cando a sociedade e o sistema produtivo necesitan máis recursos que nunca, e a Xunta ten menos recursos que nunca destina unha partida cada vez maior a facer fronte a débeda e os seus gastos. Detráense máis fondos da clase traballadora vía imposición indirecta, e destínanse os bancos e especuladores vía pago de intereses da débeda.

Entrando nos capítulos, comezando polos gastos de persoal, estímase unha redución do 6,2% con respecto o previsto no ano 2012, pero temos que ter en conta que nos orzamentos iniciais do ano 2012 non estaba incluído o non abonar a paga extra de decembro polo que a comparación non é homoxénea.

Por outra parte, cando menos, 436 persoas do servizo contraincendios, que ate este ano estaban no capítulo VI (levamos anos reivindicando este cambio), pasan ó capítulo I, gastos de persoal; con todos estes cambios é difícil saber que vai pasar cos ingresos do persoal da administración autonómica; ou como vai evolucionar a plantilla.

Os investimentos de capital sofren un novo descenso, sexa investimento directo da Xunta de Galicia , capítulo VI, sexan transferencias de capital a empresa privada para inversión, capítulo VII; en conxunto o descenso foi do 10,5%, 159 millóns de euros menos que durante 2012; polo que neste anos prevén destinar a operacións de capital 1.362 millóns de euros; a metade que se destinaba no ano 2009, cando empezou a recesión.

Antes de comezar a crise, cando a presenza do sector público era menos precisa que neste momento, destinábase a inversión pública o dobre que na actualidade, cando a economía galega está nunha espiral en descenso, especialmente no que atinxe a formación bruta de capital.

Pero desde o lado dos gastos quizá o máis interesante é a distribución funcional.

Orzamento consolidado de gasto. Distribución funcional. Datos en millóns

Grupos de función	2010	2011	2012	2013	Variación 13/12	
					Importe	%
1. Servizos de carácter xeral	241	236,9	232,6	209,6	-23	-9,9
Alta dirección da CA	41,5	39,1	38,3	36,5	-1,8	-4,8
Administración xeral	71,9	71,7	67,7	54	-13,7	-20,3
Xustiza	99,4	106,2	105,4	105,7	0,2	0,2
Administración local	10,5	8,6	11	3,7	-7,3	-66,4
Normalización lingüística	17,5	11	9,9	7,4	-2,5	-25,3
Procesos eleitorais e órganos de representación política				2,3		
2. Protección civil e seguridade cidadá	24,1	21,5	25	20,6	-4,4	-17,6
Protección civil e seguridade	24,1	21,5	25	20,6	-4,4	-17,6
3. Protección e promoción social	1.033,20	975	951,7	767,6	-184,1	-19,3
Acción social e promoción social	636,7	612,6	606	561,1	-44,8	-7,4
Promoción do emprego e inst. do merc de traballo	386,8	354,46	339,2	202,3	-136,9	-40,4
Cooperación exterior	9,7	7,8	6,4	4,1	-2,2	-35,7
4.- Prod. de bens púb. de carácter social	6.553,80	6.084,50	6.043,00	5.718,10	-324,9	-5,4
Sanidade	3.728,20	3.545,20	3.529,20	3.417,70	-111,4	-3,2
Educación	2.379,70	2.222,40	2.210,30	2.066,80	-143,5	-6,5
Cultura	120,4	82,5	81,4	62,2	-19,2	-23,7
Deportes	34,8	22,7	21,4	18,5	-2,8	-13,4
Vivenda	162,8	97,6	89	49,8	-39,1	-44
Outros servizos comunitarios e sociais	128,2	113,8	111,5	102,8	-8,7	-7,8
5.- Prod. de bens públicos de carácter ec.	1.208,00	857,7	794,6	740,1	-54,4	-6,9
Infraestruturas	518,1	346,3	322,4	281,9	-40,4	-12,5
Ordenación do territorio	50,4	30,9	25,7	20,2	-5,5	-21,6
Promoción de solo para actividades econ.	17,2	8,1	4	17	12,9	319,5
Actuacións ambientais	243,8	156,2	136,4	112	-24,3	-17,9
Actuacións e valorización do medio rural	187,6	136,9	127,2	106,8	-20,4	-16,1
Investigación, desenvolvemento e innovación	134,8	115	117,7	103,1	-14,6	-12,4
Sociedade da información e do coñecemento	50,5	59,3	56,1	94,5	38,4	68,4
Información estatística básica	5,2	4,5	4,6	4,2	-0,4	-8,8
6.-Regulación económica de carácter xeral	134,1	89,8	89,3	92	2,7	3
Actuacións económicas xerais	39,3	32,3	31,1	31,3	0,1	0,6
Actividades financeiras	94,8	57,4	58,1	60,7	2,5	4,3
7.-Reg. económica de sectores prod. e desen. empresarial	891,2	880,9	769,3	702,1	-67,2	-8,7
Dinamización económica do medio rural	395	319,6	332,7	328,3	-4,3	-1,3
Pesca	153,6	129,6	132,6	109,1	-23,5	-17,7

Industria, enerxía e minería	54,3	48,6	54,8	44,5	-10,2	-18,7
Desenvolvemento empresarial	177,8	309,3	178	165,5	-12,4	-7
Comercio	31,3	20,9	21,2	18,5	-2,6	-12,7
Turismo	79	52,5	49,8	35,8	-14	-28,1
8.-Transferencias a entidades locais	126,8	119,6	121,9	118,6	-3,3	-2,7
Transferencias a entidades locais	126,8	119,6	121,9	118,6	-3,3	-2,7
9.-Débeda pública	672,5	605,1	830,5	1.110,80	280,2	33,7
Débeda pública	672,5	605,1	830,5	1.110,80	280,2	33,7
TOTAL	10.855,20	9.871,40	9.858,40	9.479,80	-378,5	-3,8

Fonte: Proxecto de Orzamentos 2013. Xunta de Galiza.

Dos nove grupos de funcións en que se dividen os orzamentos de gasto, tan so medra en dous: débeda pública que o fai nun 33,7%, e no grupo de regulación económica de carácter xeral que a fai nun 3%, neste grupo o incremento está no programa de imprevistos e función non clasificadas, como vemos de difícil seguimento; neste grupo tamén se inclúe a nova axencia tributaria, pero os fondos dotados para a mesma xunto cos de facenda son menores que os presupostados para facenda o ano anterior.

O resto dos grupos, contan con menos fondos que o ano anterior, destacando, polo forte descenso, o **grupo 3 protección e promoción social..** o destinado ó mesmo cae un 19,3% con respecto ó ano 2012, descenden tódolos programas que forman parte deste grupo, destacando especialmente a forte caída dos fondos destinados a promoción do emprego e institucións do mercado de traballo, cun 40,4% de euros menos, practicamente tódolos programas se viron afectados, pero algúns especialmente; a saber;

- Mellora e fomento da empregabilidade redúcese de 99 a 40 millóns de euros, un 59,6%
- Intermediación e inserción laboral redúcese de 17 a 7 millóns, un 58,8%
- Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo, descende de 54 a 43 millóns de euros. 11,4 millóns de euros menos, un descenso do 20%, este programa xa descendera nun 17% no ano anterior.
- Formación profesional a desempregados pasa de 98,9 millóns a 72 millóns de euros para 2013, un 27% menos; este programa medrara o ano anterior.
- Outro programa que sofre unha caída brutal é o de mellora da cualificación no emprego, que pasa dunha dotación de 32,4 millóns de euros a tan só 6 millóns, unha caída do 81,4%.
- O resto dos programas de sistemas de seguridade no traballo... descenden pero moito menos.

Brutal caída deste grupo, é incomprendible que o problema máis grave que ten nestes momentos Galicia sexa a falta de traballo, e que sexa precisamente a partida de promoción do emprego a que sofre unha maior caída.

Tampouco á caída de promoción e acción social, neste caso a evolución por programas é desigual. Dentro desta función o programa que acapara un maior número de fondos é o de dependencia, o descenso previsto para este ano é de 23 millóns de euros un 7% menos que no ano anterior, descenso en consonancia coas transferencias do estado para este fin como xa se comentou anteriormente neste documento.

Dentro deste grupo descende o programa de prestacións a familia e infancia (de 87,3 a 70,3 millóns),; os servizos relativos as migración de 11,3 a 9,2 millóns; o programa de atencións ás persoas maiores e con discapacidade pasa de 60,5 a 54,3 millóns... os programas que menos descende son os de protección e promoción da muller e violencia de xenero, pero son programas que perderan moitos fondos nos anos anteriores, basta con recordar que o de igualdade e promoción da muller no ano 2009 tiña dotado 32 millóns de euros e para este ano a dotación orzamentaria é de 6,2 millóns.

No **grupo 4, produción de bens públicos de carácter social**, (os fondos para este grupo descenden un 5,5% acadando os 5.718,10 millóns de euros), están as partidas máis importantes; sanidade e educación; as dúas sofren descensos importantes, sanidade un 3,2% e educación un 6,5%. Os maiores descensos dentro deste grupo corresponden a cultura (-23,7%) e deportes (-13,45).

Dentro de sanidade descenden tanto os fondos destinados a atención primaria como especializada ; tamén en educación tódolos programas ven mermados os seus fondos en maior ou menor medida.

Dentro do **grupo 5, producións de bens públicos de carácter económico**, o descenso é do 6,9%. Dentro deste grupo, a evolución orzamentaria é moi desigual, os fondos medran para promoción de solo e sociedade do coñecemento o descenden para o resto. No que atinxe a promoción do solo, esta partida practicamente desaparecera, no ano 2012 tan so se presupostara para este fin 4 millóns de euros, con este incremento sitúase en valores semellantes ó ano 2010.

No que atinxe a sociedade de información e do coñecemento, aumentan un 68,4% os fondos destinados a esta partida, pero probablemente haxa truco, xa que estamos no proceso de creación ou consolidación da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), e estase traspasando a esta axencia persoal, presupostos de consellerías, organismos o departamentos TIC; polo que este medre aparente pode supor na practica un descenso de fondos, xa que consiste en agrupar baixo o mesmo paraugas fondos que estaban diseminados por outras consellerías ou organismos.

Dentro deste grupo, o descenso máis grande corresponde a infraestruturas, especialmente ó programa de conservación, explotación e construción de estradas que cae en 40 millóns de euros.

O descenso é xeneralizado en tódolos programas.

Tamén dentro do **grupo 7, regulación económica e sectores produtivos e desenvolvemento empresarial**, a caída é xeneralizada; a máis afectada é pesca, especialmente o programa de mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, cuxos fondos descenden un 20%.

Polo que respecta ó sector industrial e enerxético, en termos absolutos, o que máis descende son os fondos destinados o enerxético, especialmente o programa de eficiencia enerxética e enerxías renovables, que perder máis de 4 millóns de euros con respecto ó orzamentado no exercicio anterior.

En resumo, estes orzamentos van facer certo o dito “ atrás vira quen bo me fará”; xa que ano a ano a situación é máis dramática; se no ano pasado os orzamentos baixaban un 0,1% este ano baixan un 3,8%. Se os fondos destinados a promoción do emprego e acción social baixaran un 2,4% a ano pasado este ano un 19,3%, en sanidade e educación un -0,5%, agora un -3,2 e -6,5% respectivamente... e así sucesivamente; onde vai rematar isto?.

Estamos en crise, é certo, pero a maioría das decisión no obedecen a unha estratexia económica senón política, senón non se explican estes datos: vamos a pagar parte da sanidade (ambulancias, porcentaxes os pensionistas...), pero van a gastar menos e privatizar partes ou todo; vamos a ter máis desemprego, pero van gastar menos en promoción do emprego; cada vez as desigualdades sociais son maiores, e os asalariados perden participación na renda a favor das rendas mixtas, pero subimos os impostos indirectos; reducimos os salarios dos funcionarios e aumentaselles as horas de traballo, pero mantemos os ingresos dos altos cargos... e así sucesivamente.

É demoledor, vivir este momento e ver estas contas que levan o empobrecemento a unha parte cada vez maior deste país, e a outra, a máis nova e mellor formada, a buscar fora un futuro que aquí se lles nega, non debemos esquecer que tan so nos últimos catro anos abandonaron Galicia 77.164 mozos e mozos de entre 15 e 35 anos, o futuro de Galicia.

Os gobernantes da Xunta miran para outro lado mentres a xente emigre, xa que a xente que marcha non aparece como parada en Galicia, e así a taxa de paro é menor; se os 264.000 parados estimados pola EPA no terceiro trimestre de 2012, lle sumamos os 77.164 que abandonaron Galicia, o número de parado pasaría a 340.000, e a taxa de paro dun 20% a un 26%. Para que vana preocuparse.

Vigo, 17 de xaneiro de 2013.
Gabinete Técnico Confederal
Natividad López Gromaz.